

XIII Corazón da Artesanía

3, 4 e 5 de xullo 2026

Postos de alimentación e outros

Os postos adicados á venda de produtos de alimentación e derivados estarán situados ao longo da Rúa da Parranda, dentro do conxunto histórico-artístico dos Pendellos de Agolada (Pontevedra).

Os postos teñen a estrutura de madeira e están cubertos cunha lona impermeable, viseira froital e coberturas laterais desmontables.

A mesa é de madeira pintada en cor negra e ten unhas dimensións de **2 m longo x 80 cm de ancho**, con espazo debaixo do mostrador para almacenaxe de mercancía.

Os postos dispoñerán de conexión eléctrica, si así o precisan.

Habilitaremos dous almacéns que se manterán pechados pola noite, e nos que se instalarán dúas neveiras para compartir cos demais expositores. A empresa que así o desexe poderá levar neveira propia sempre que sexa de pequenas dimensións e se sitúe ben nos almacéns ou ben entre a mesa e a lona traseira (dentro de posto).

No caso de precisar algunha adecuación específica do posto, como por exemplo instalación de grifos, deberán especificalo e consultar coa Fundación Pública Artesanía de Galicia.

